

Follas do Cineclub | 03/05/2017

Arrolo interrompido

(Broken Lullaby, Ernst Lubitsch, EUA, 1932, 76', VOSG)

01

Tirado de: <https://www.filmcomment.com/blog/broken-lullaby-ernst-lubitsch/>

O único filme sonoro de Ernst Lubitsch que non é unha comedia, *Arrolo interrompido* [*Broken Lullaby*] é xeralmente considerado o seu peor filme. Este fervoroso drama pacifista recibiu críticas favorables trala súa estrea en 1932 pero languideceu na billeteira. A súa reputación só se afundiou dende aquela: Otis Ferguson rexeitou a cualificándoa de “dramón teutónico”, mentres Pauline Kael, máis tarde, falaba dela como “trapallada sentimental”. A película nunca se editou en formato doméstico nos Estados Unidos.

Arrolo interrompido foi proxectada en marzo nos Anthology Film Archives nunha serie titulada “Autores toleando”, un programa de títulos marxinais das filografías de cineastas canónicos. (Outros dous exemplos: o musical noir de Fritz Lang *Ti e mais eu* [*You and Me*] e a pantomima xaponesa de Josef Von Sternberg *A saga de Anatahan* [*Anatahan*]). A trama de *Arrolo interrompido* é un xiro radical para Lubitsch, e aproveitou a oportunidade para experimentar cun contraste de estratexias formais, dende a montaxe picada ás tomas longas e ritualizadas. Foi a primeira das tres películas que Lubitsch dirixiu en 1932, precedendo *Unha hora contigo* [*One Hour With You*] e *Un ladrón na alcoba* [*Trouble in Paradise*]. O proxecto sucedeu en parte porque o cineasta vira e admirara *O cantor de jazz* [*The Jazz Singer*], a obra de Samson Raphaelson de 1925, que tentara desenvolver como filme (acabaría sendo dirixido por Alan Crosland). E Raphaelson, que vira *O desfile do amor* [*The Love Parade*, 1929], dixo de Lubitsch: “Admiroo por riba de calquera outro director do que vise o seu traballo”. Foi finalmente asignado para traballar con Lubitsch en *O home que matei* [*The Man I Killed*] (o título orixinal de *Arrolo interrompido*) polo director de Paramount Budd Schulberg, e os dous rematarían escribindo nove filmes xuntos, de *Arrolo interrompido* a *A dama do armiño* [*That Lady in Ermine*, 1948]. Nunha entrevista de 1978 Raphaelson lembrou terse frustrado coa historia, adaptada dunha obra francesa de 1930: pensaba que o personaxe principal era un “fillo de puta vaidoso e autocompasivo” e quería “cambiar a situación, o personaxe, todo”. Pero Lubitsch aseguroulle que todo ía funcionar en pantalla: “Vai estar aló arriba”.

No filme, Paul Renard (Phillips Holmes) é un veterano da Primeira Guerra Mundial esnaquizado pola culpabilidade de ter matado coa baioneta a un alemán, Walter Holderlin (Tom Douglas). Para purgar a súa culpa, viaxa a Alemaña trala guerra coa intención de poñerse á mercé da familia de Walter. Incapaz de atreverse a confesar, remata pasan-

do por un amigo de Walter, alimentando con mentiras as ilusións dos seus pais. Os aldeáns detestan ter un francés entre eles, e cando comeza a cortexar á antiga prometida de Walter, Elsa (Nancy Carroll), a súa fachada comeza a rachar baixo a presión deles, e o seu odio por si mesmo medra.

Arrolo interrompido encaixa ao carón dos seus outros relatos de estafadores que interpretan un papel ata que se volve real, pero aquí o conto é trágico, e comunicado maioritariamente nun estilo declamatorio sen vernizar. É un experimento audaz de naturalismo cinematográfico aumentado, cuxo único contemporáneo en Hollywood son os filmes sonoros proto-neorrealistas de D.W. Griffith, como *A loita* [*The Struggle*], do ano anterior. Un estalido de montaxe dialéctico eisensteiniano alimenta o inicio do filme, pero en canto a localización cambia a Alemaña, o estilo cambia ás tomas longas e sen cortes. Lubitsch móvese dun cinema de velocidade e colisión a un harmonizado aos corpos e o xesto.

O extraordinario experimento estilístico comeza coa montaxe dos primeiros tres minutos, que imita a velocidade dos disparos. As campás celebratorias están soando nun campanario parisino no primeiro aniversario do armisticio, en montaxe paralela con imaxes non diexéticas de canóns disparando no campo de batalla. Lubitsch e o director de fotografía Victor Milner encadran entón o desfile a través do espazo deixado pola perna amputada dun soldado que observa. A marcha e os tambores intercálanse con máis planos de fogo de canón e un travelling que atravesa un hospital de veteranos, rematando nun paciente erguéndose e berrando. O seu pánico fúndese coa escena dunha misa memorial: mentres un cura fala de paz, a cámara illa unha fila de fundas de espada asomando polos corredores da igrexa, e logo as filas de botas axeonllándose para rezar, abstraendo aos oficiais en imaxes dunha vasta maquinaria humana de guerra.

Cando a misa remata, os soldados marchan pero a habitación non está baleira. Nun plano de grúa brillantemente executado, a cámara descende dende o teito sobre o altar cara unha ringleira aparentemente baleira, onde se detén nun par de mans unidas enriba dun dos bancos. Unha cabeza érguese, e Paul Renard aparece, aparentemente o único na guerra que reza polo perdón. Cando Paul se ergue e pide consello ao cura, Lubitsch cambia a montaxe expresionista e os ángulos de cámara extremos por tomas máis longas e composicións ao nivel dos ollos, adecuando os seus planos aos humanos logo da apocalipse química e mecánica da Primeira Guerra Mundial.

Lubitsch vólvese mesmo reticente a cortar a primeiros planos, permanecendo a miúdo en extensos planos máster con resultados profundamente conmovedores. Cando a nai de Walter, a señora Holderlin (Louise Carter) visita a súa tumba, detense a consolar a outra nai en pranto (Emma Dunn) e falan por máis de dous minutos sen un primeiro plano ou unha secuencia de plano-contraplano. Lubitsch deixa que a escena se desenvolva completa, o que permite aos actores desenvolver unha historia a

ARROLO INTERROMPIDO
R. EMMET SWEENEY.

través do xesto; son encadrados da cintura cara arriba, xirados tres cuartos con respecto á cámara. As súas emocións cambian a través dunha discusión sobre a paixón dos seus fillos polos rolos de canela, intercambiando receitas sobre unha sepultura antes de enfrontarse ao seu destino outra vez: “Temos que aprender a non chorar, e aprender a amar o que perdemos. Quedan tantos anos... por diante de nós”. Nesa elipse, Carter xíralle a cara a Dunn, mirando á esquerda da pantalla mentres aperta o brazo dela. Dunn mira ao chan. Ningunha é quen de mirar á outra, por medo a debilitar esa decisión. Os seus xestos traizoan ás súas dúbidas.

Ningún está máis roto pola dúbida que Paul, e Phillips Holmes leva a cabo unha interpretación trémula e enormemente teatral que provocou ataques dos detractores do filme. Kael dixo del que era “indescritiblemente guapo pero un actor aínda máis indescritible”. Eu atopo a súa franqueza suplicante da era silente profundamente conmovedora, aínda que este filme, quizais máis que calquera outro, camiña sobre a liña entre o ridículo e o sublime. Se a trémula sinceridade de Holmes che parece absurda, o filme virase abaixo. O gran crítico alemán Rudolf Arnheim consideraba que *Arrolo interrompido* era kitsch, porque carecía dos efectos distanciadores de *A raíña Kelly* [*Queen Kelly*] de Erich Von Stroheim, pero Lubitsch non está tentando analizar ou diseccionar os seus personaxes. En lugar diso, captura a particularidade do seu estar no mundo – unha intensa mirada aos ambientes pola que D.W. Griffith choraba en 1948 cando lle dixo a Ezra Goodman: “O que o lle falta ao cinema moderno é beleza – a beleza do vento movéndose nas árbores”.

Lubitsch alcanza efectos extraordinarios a través de adoptar o punto de vista de Paul. Cando Paul senta co señor Holderlin (un bondadoso Lionel Barrymore), mira con atención a parte de detrás dunha foto enmarcada no escritorio do pai, inmediatamente consciente de que o outro lado contén un retrato de Walter. Mentres continúa observándoa cunha intensidade suicida, Lubitsch e Milner retíranse para revelar a foto real á cámara, como se estiveramos botando unha ollada á mente de Paul – a súa visión do que hai escondido dentro do marco. Cando Paul sacrifica os seus desexos por aqueles dos Holderlin, non revelando nunca a verdade sobre a morte de Walter para preservar a súa felicidade, a cámara afástase do seu punto de vista e comeza a vagar. O plano final visualiza a súa proximidade afastada, flotando dende Paul e Elsa en recunchos opostos mentres os Holderlin sorrín felices no sofá, aceptando a alegría deste fillo substituto sen cuestións, verdadeiramente felices na mentira.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
[facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela)
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3 DE MAIO

Arrolo interrompido
(Broken Lullaby,
Ernst Lubitsch, EUA,
1932, 76', VOSG)

24 DE MAIO

A cadaquén o seu
(To Each His Own,
Mitchell Leisen, EUA,
1946, 122', VOSG)

10 DE MAIO

Sesión especial para a festa do 17: Falas raras.

31 DE MAIO

As
(Крылья [Krylya],
Larisa Shepitko, URSS,
1966, 85', VOSG)

17 DE MAIO

Carta de amor
(恋文 [Koibumi],
Kinuyo Tanaka, Xapón,
1953, 98', VOSG)